



**UNIVERSIDADE DA CORUÑA**

**FACULTADE DE CIENCIAS DA SAÚDE**

**MESTRADO EN ASISTENCIA E INVESTIGACIÓN SANITARIA**

**ESPECIALIDADE EN FUNDAMENTOS DE INVESTIGACIÓN BIOMÉDICA**

**CURSO ACADÉMICO 2020-2021**

**TRABALLO DE FINDE MESTRADO**

**Deseño, construción e validación dunha caixa de  
conduta para estudar decisións baseadas no valor  
en roedores**

**Andrea Balsa Díaz**

**22 de xullo de 2021**

*Andrea Balsa Díaz*

*Andrea Balsa Díaz*

Dr. José Luis Pardo Vázquez investigador contratado no programa Ramón y Cajal no grupo de investigación en Neurociencia e Control Motor (NeuroCOM) da Universidade de A Coruña e o Dr. Juan Casto Rivadulla Fernández, profesor da Área de Fisioloxía do Departamento de Fisioterapia, Medicina e Ciencias Biomédicas da Universidade de A Coruña,

**CERTIFICAN:**

Que Andrea Balsa Díaz, graduada en bioloxía, realizou baixo a nosa dirección o traballo: “Deseño, construción e validación dunha caixa de conduta para estudar decisións baseadas no valor en roedores”. Este traballo reúne as condicións necesarias de orixinalidade e rigor científico para ser defendido publicamente e optar ao título de mestrado en Asistencia e Investigación Sanitaria coa especialidade en Fundamentos de Investigación Biomédica. Para que conste, firmamos a presente autorización en,

A Coruña, 22 de xullo de 2021.

## ÍNDICE

<b>Índice de figuras</b> .....	<b>I</b>
<b>Índice de táboas</b> .....	<b>II</b>
<b>Índice de abreviaturas</b> .....	<b>II</b>
<b>Resumo</b> .....	<b>III</b>
<b>1. Introducción.</b> .....	<b>1</b>
1.1 Toma de decisións .....	1
1.2 Decisións baseadas no valor. ....	3
1.3 Comida e capacidade cognitiva .....	4
<b>2. Xustificación do estudo</b> .....	<b>8</b>
<b>3. Obxectivos</b> .....	<b>9</b>
<b>4. Metodoloxía</b> .....	<b>9</b>
4.1 Elaboración das caixas de conduta .....	9
4.2 Estudo piloto .....	15
4.2.1 Exposición á caixa de conduta .....	15
4.2.2 Avaliación sistemática da tarefa condutual.....	15
<b>5. Resultados</b> .....	<b>16</b>
5.1 Exposición á caixa de conduta .....	16
5.1.1 Problemas e resolución dos mesmos .....	16
5.2 Avaliación sistemática da tarefa condutual .....	17
5.2.1 Problemas e resolución dos mesmos .....	17
5.3 Resumo de resultados. ....	18
<b>6. Discusión.</b> .....	<b>23</b>
<b>7. Conclusións</b> .....	<b>25</b>
<b>8. Agradecementos</b> .....	<b>26</b>
<b>9. Bibliografía</b> .....	<b>27</b>
<b>Anexo I</b> .....	<b>34</b>
<b>Anexo II</b> .....	<b>35</b>
<b>Anexo III</b> .....	<b>45</b>
<b>Anexo IV</b> .....	<b>47</b>

## ÍNDICE DE FIGURAS

<b>Figura 1.</b> Córtex prefrontal (sombreado) en seis especies de mamíferos. Imaxe modificada de Fuster, 2015.....	1
<b>Figura 2.</b> Gráfica tomada e modificada da páxina web da Sociedade Española de Cirurxía da Obesidade onde se indican as perspectivas de aumento no porcentaxe de obesidade coas medidas de crecemento actuais ([SECO], 2018).....	5
<b>Figura 3.</b> Estrutura da caixa de conduta deseñada.....	10
<b>Figura 4.</b> Detector óptico <i>nose poke v1.1</i> colocado sobre unha peza de resina adherida á caixa de conduta.....	10
<b>Figura 5.</b> Membrana <i>T-Cobbler GPIO B</i> (de cores) conectada a unha placa <i>Raspberry Pi 4</i> á dereita .....	11
<b>Figura 6.</b> Cables <i>stereo jack</i> negros conectados a unha placa de prototipado PCBMB-102 de 830 pins.....	12
<b>Figura 7.</b> Válvula solenoide fixada en placa, conectada ao sistema de control da <i>Raspberry Pi 4</i> .....	13
<b>Figura 8.</b> Recta de calibrado da válvula solenoide.....	14
<b>Figura 9.</b> Á esquerda, visión lateral da caixa de conduta final co hardware necesario implementado, á dereita, visión superior....	14
<b>Figura 10.</b> Número de ensaios realizados por cada un dos suxeitos no total de sesións. ....	18
<b>Figura 11.</b> Cantidade de ensaios realizada por cada un dos suxeitos por sesión de traballo .....	19
<b>Figura 12.</b> Número de ensaios nos que cada un dos suxeitos elixiu determinada alternativa.....	20

**Figura 13.** Tempo de reacción de cada suxeito por ensaio realizado ..... 20

**Figura 14.** Curvas de aprendizaxe correspondentes a cada bloque de ensaios realizado .....21

**Figura 15.** Representación gráfica das medias correspondentes aos doce primeiros ensaios fronte ás medias dos doce últimos ensaios de cada bloque, coas súas correspondentes desviacións estándar... ..... 22

## ÍNDICE DE TÁBOAS

**Táboa I.** Datos do volume administrado de auga (mL) por tempo (ms) en 100 pulsos ..... 13

**Táboa II.** Datos do volume administrado de auga ( $\mu$ L) por tempo (ms) nun pulso. .... 13

**Táboa III.** Resumo dos valores das variables calculadas para cada un dos suxeitos ..... 23

## ÍNDICE DE ABREVIATURAS

**PFc:** córtex prefrontal

**orbPFc:** córtex prefrontal orbitofrontal

**dIPFc:** córtex prefrontal dorsolateral

**vmPFc:** córtex prefrontal ventromedial

**ACC:** córtex cingulado anterior

**VTA:** área tegmental ventral

**WHR:** ratio cintura-cadeira

**BDNF:** factor neurotrófico derivado do cerebro

**NT-3:** neurotrofina 3

## RESUMO

O ambiente hipercalórico que nos rodea na actualidade deu lugar a unha elevada taxa de obesidade global, que se cre pode derivar dun desaxuste neurobiolóxico no proceso de toma de decisións. A dispoñibilidade e accesibilidade da comida actual afectan de forma negativa ás nosas capacidades cognitivas e modulan o funcionamento do noso sistema de recompensa, factor principal no proceso de toma de decisións. O obxectivo deste proxecto aséntase na construción dunha caixa de conduta que permite avaliar unha tarefa de toma de decisións baseada no valor en roedores, co fin de a empregar para estudar como resollen os animais unha tarefa que depende da aprendizaxe das relacións entre o comportamento e as súas consecuencias. Un estudo piloto desenvolvido con dita caixa de conduta permitiunos afondar nos erros e as melloras necesarias; obtendo unha serie de datos e analizándoos co fin de determinar o correcto funcionamento tanto do hardware e software implementado, como a viabilidade da tarefa condutual proposta para o estudo final.

## RESUMEN

El ambiente hipercalórico que nos rodea en la actualidad ha dado lugar a una elevada tasa de obesidad global, que se cree puede derivar de un desajuste neurobiológico en el proceso de toma de decisiones. La disponibilidad y accesibilidad de la comida actual afectan de forma negativa a nuestras capacidades cognitivas y modulan el funcionamiento de nuestro sistema de recompensa, factor principal en el proceso de toma de decisiones. El objetivo de este proyecto se asienta en la construcción de una caja de conducta que permite evaluar una tarea de toma de decisiones basadas en el valor en los roedores, con el fin de ser utilizada para estudiar como resuelven los animales una tarea que depende del aprendizaje de las relaciones entre el comportamiento y sus consecuencias. Un estudio piloto desarrollado con esta caja de conducta nos ha permitido profundizar en los errores y las mejoras necesarias; obteniendo una serie de datos y

analizándolos con el fin de determinar el correcto funcionamiento tanto del hardware y software implementado como la viabilidad de la tarea conductual propuesta para el estudio final.

## ABSTRACT


The hyper-caloric environment that surrounds us today has led to a high rate of global obesity, which is thought to stem from a neurobiological mismatch in the decision-making process. The availability and accessibility of today's food negatively affects our cognitive abilities and modulates the functioning of our reward system, a major factor in the decision-making process. The aim of this project is to construct a behavioural box to evaluate a value-based decision-making task in rodents, to be used to study how animals solve a task that depends on learning the relationships between behaviour and its consequences. A pilot study developed with this behavioural box has allowed us to delve into the errors and necessary improvements; obtaining a series of data and analysing them in order to determine the correct functioning of both the hardware and software implemented and the viability of the behavioural task proposed for the final study.

## 1. INTRODUCCIÓN

Os animais vémonos expostos no noso día a día a numerosas decisións. Saber decidir permitiunos sobrevivir durante milenios, aprendendo a escoller as opcións que nos proporcionan comida, cobixo ou auga, así como unha parella sexual, podendo superar deste xeito as dúas fontes de presión evolutiva que priman sobre todas as especies: a supervivencia e a reprodución.

### 1.1 TOMA DE DECISIONS

A toma de decisións é a selección dunha alternativa dentro dun rango de opcións, considerando os posibles resultados e consecuencias da elección. Algunhas rexións do córtex prefrontal (PFc) considérase que contribúen de maneira importante a esta función (J.M. Fuster, 2017; Vaidya & Fellows, 2017). O PFc é o polo anterior do cerebro dos mamíferos. No curso da evolución a área prefrontal foi a que sufriu unha maior expansión, alcanzando o seu máximo na especie humana, onde constitúe o 29 % do córtex cerebral (**figura 1**) (Fuster, 2015).



**Figura 1.** Córtex prefrontal (sombreado) en seis especies de mamíferos. Imaxe modificada de Fuster, 2015.



O PFC estrutúrase nas zonas orbitofrontal (orbPFC), dorsolateral (dIPFC), ventromedial (vmPFC) e cingulada anterior (ACC) (Redolar Ripoll, 2014) e integra a información perceptual complexa dos córtex sensoriais e motores e dos córtex de asociación parietal e temporal. O resultado é unha apreciación do propio individuo en relación ao mundo (Purves et al., 2016) sendo clave nas funcións executivas de planificación, resolución de problemas ou no desenvolvemento da habilidade social (Ong et al., 2019). As lesións no lóbulo frontal dan lugar a un amplo rango de discapacidades cognitivas, entre as que se atopa o pensamento desorganizado ou a incapacidade na planificación de accións (Purves et al., 2016).

Numerosos estudos neurofisiolóxicos en roedores e primates estableceron unha relación causal entre a actividade neural no orbPFC e o comportamento de elección. Detectouse que as neuronas desta zona xogan un importante papel na codificación do valor dunha opción (Haber, 2017; Setogawa et al., 2019; Soltani et al., 2017) e exercen unha forte influencia no procesamento emocional polas súas conexións con algunhas rexións subcorticais como a amígdala. Tamén o ACC participa nesta función, optimizando as decisións futuras en base as eleccións previas; mentres que o dIPFC integra información recibida desde múltiples fontes (Broche-Pérez et al., 2015) e asóciase co control inhibitorio das respostas (Gearhardt, 2018). Na rexión vmPFC, do mesmo xeito que no orbPFC, existe unha grande variedade de complexas conexións con outras rexións cerebrais, especialmente coa amígdala e diversas zonas límbicas relacionadas. A inactivación desta área cerebral, ou das súas conexións límbicas, dá lugar a defectos na toma de decisións, a pesar de se manteren intactas as medidas convencionais de intelixencia (Broche-Pérez et al., 2015; J.M. Fuster, 2017; Hise & Koenigs, 2018; Redolar Ripoll, 2014).

A amígdala é unha rexión subcortical, parte do sistema límbico, que desenvolve un papel fundamental nas reaccións emocionais das especies animais e nos efectos destas emocións sobre diferentes procesos cognitivos (Broche-Pérez et al., 2015). O sistema límbico sinala a presenza ou perspectiva dunha recompensa ou castigo e promove a activación de

programas motores dirixidos a obter recompensas ou evitar castigos (Purves et al., 2016), considerándose unha función preadaptativa. A ruta mesocorticolímbica é a principal deste sistema, orixínase nas neuronas dopaminérxicas da área tegmental ventral (VTA) e discorre ata as áreas diana no núcleo *accumbens* e o PFC (Alonso-Alonso et al., 2015). A transmisión dopaminérxica é crucial para o desenvolvemento do proceso exploratorio e a asociación de recompensas, polo establecemento dun estado motivacional no individuo (Bromberg-Martin et al., 2010). Un incremento do tono dopaminérxico obsérvase en certas enfermidades mentais que provocan unha distorsión do proceso de toma de decisións (Verharen et al., 2018).

A recompensa é un dos factores determinantes da elección. Comprender a vinculación entre a influencia da recompensa no comportamento e a resposta neuronal é un dos obxectivos críticos no estudo da toma de decisións (Soltani et al., 2017). O circuío de recompensa é unha complexa rede neuronal coa capacidade de avaliar os resultados probables de diferentes eleccións de forma eficaz. Unha boa toma de decisións require dunha correcta avaliación da recompensa, previsibilidade e risco (Haber, 2017). No entanto, as cuestións centrais sobre os construtos condutuais e substratos cerebrais do conxunto de procesos que orixinan este complexo comportamento, seguen sen se resolver.

## 1.2 DECISIONS BASEADAS NO VALOR


A toma de decisións baseadas no valor é un comportamento motivado que se refire á selección dunha alternativa en función da recompensa asociada ás opcións expostas (Vaidya & Fellows, 2017). As decisións vense influenciadas polas expectativas de alcanzar unha recompensa en relación aos custos supostos. Neurobioloxicamente, a correlación do valor foi descrita no orbPFC, que xoga un papel central na aprendizaxe de valores asociados a bens (Rushworth et al., 2012; Sul et al., 2010), así como no ACC e nos ganglios basais, áreas do cerebro tradicionalmente relacionadas co comportamento de procura de recompensa (Gold & Shadlen, 2007). O

ACC demostra un papel relevante á hora de realizar tarefas de toma de decisións baseadas no valor e está moi relacionado co orbPFc (Fatahi et al., 2018). Análises da relación entre o ACC e a VTA tamén sinalaron a estreita relación entre ambas áreas en comportamentos de anticipación durante tarefas de toma de decisións e durante procesos de adaptación comportamental, sendo ambos, importantes aspectos da exploración (Elston et al., 2019). O mal funcionamento das proxeccións ascendentes desde a VTA observouse que influía na toma de decisións baseadas no valor. As conexións dopaminérxicas iniciadas na VTA diríxense principalmente á zona medial do PFc (Verharen et al., 2018). Inconsistencias á hora de realizar xuízos de preferencia simple por lesión nesta área, apoian os resultados polos que se considera crítica para as decisións baseadas no valor (Fellows & Farah, 2007; Vaidya & Fellows, 2017), pero cunha función específica indeterminada na actualidade.

Un estudo recente (Verharen et al., 2020) suxire, ademais, que as decisións baseadas no valor nas ratas están dirixidas mediante distintas rexións funcionalmente solapadas do PFc. Dado o solapamento de funcións, especúlase que no PFc da rata existe unha codificación redundante de sinais, indicativa da posible presenza dunha rede de seguridade neuronal que garante a continuación das operacións cognitivas aínda que parte do PFc se vexa afectado.

### 1.3 COMIDA E CAPACIDADE COGNITIVA

A Sociedade Española de Cirurxía da Obesidade (SECO) recolle que na actualidade un 14,5 % da poboación padece obesidade e un 46,7 % sobrepeso, e prognostica que no ano 2030 o 21 % da poboación española será obesa (**figura 2**) (Sociedad Española de Cirugía de la Obesidad [SECO], 2018). Esta epidemia de obesidade que se sofre na actualidade pode ser a expresión dun desaxuste da nosa neurobioloxía da decisión, nun entorno de alimentos ricos en calorías (Vaidya & Fellows, 2017); por un proceso maladaptativo ao ambiente alimenticio no que nos encontramos actualmente.



**Figura 2.** Gráfica tomada e modificada da páxina web da Sociedade Española de Cirurxía da Obesidade, onde se indican as perspectivas de aumento no porcentaxe de obesidade coas medidas de crecemento actuais ([SECO], 2018).

Os mecanismos de control da inxestión dos que dispoñemos non son unicamente homeostáticos (fame e saciedade), senón que tamén se ven implicados factores hedónicos (pracer). O valor de recompensa que reportan determinados alimentos inflúe no control da inxestión e pode inducir un consumo abusivo e prexudicial (Gómez-Martínez et al., 2021). Desde unha perspectiva evolutiva, os nosos sistemas de recompensa están deseñados para ser fortemente activados por alimentos ricos en calorías, co fin de incrementar as posibilidades de obter suficiente enerxía para sobrevivir en períodos de escaseza. No entanto, o entorno alimenticio moderno cambiou drasticamente e na actualidade atopámonos ante unha enorme abundancia de alimentos baratos e accesibles, con niveis artificialmente altos de ingredientes gratificantes (azucres e graxas). Estes alimentos son extremadamente eficaces á hora de activar os mecanismos de recompensa e incluso anular os sinais de saciedade (Gearhardt, 2018). Un estudo de 2017 en España (Verdejo-Román et al., 2017), con poboación obesa e con sobrepeso, obtivo datos que apoian a relación entre a obesidade e o sistema de recompensa. Neste estudo, detectouse un incremento da activación deste sistema, en relación coa comida, nos

individuos que padecían obesidade e un aumento da activación das rexións estriada ventral e medial, en comparación cos individuos de peso normal.

Un dos efectos adversos do consumo crónico de dietas de alta enerxía é o deterioro cognitivo. Un elevado consumo de graxas saturadas nas fases media e tardía do ciclo vital está asociado a unha peor función cognitiva global, así como a unha maior vulnerabilidade tanto ao deterioro cognitivo normal relacionado coa idade, como ás enfermidades neurolóxicas (demencia ou alzhéimer) (Morris et al., 2015; Xu et al., 2011). Tamén se correlacionou a obesidade cun valor de baixa anisotropía fraccionada (medida de conectividade cerebral) e atopouse unha correlación negativa entre a capacidade memorística e a ratio cintura-cadeira (WHR), indicador de graxa abdominal (Zhang et al., 2018). Estudos recentes detectaron, ademais, unha diminución significativa no rendemento en diferentes test neuropsicolóxicos en que se medía a velocidade de procesamento, a flexibilidade mental e a función executiva (Palomo-Buitrago et al., 2019; Mattson, 2019).

A nivel estrutural, en adultos, o sobrepeso asóciase coa diminución do vmPFC e do córtex occipital lateral esquerdo e cunha redución da integridade estrutural da materia branca (Tanaka et al., 2020). Alén disto, análises de conectividade cerebral revelaron un menor número de conexións e unha menor integridade destas no sistema de recompensa en suxeitos obesos (Marqués-Iturria et al., 2015). Observouse que a restrición calórica leva a unha mellora significativa nos resultados da avaliación da memoria verbal (Witte et al., 2009); aínda que os estudos de correlacións en humanos son difíciles de interpretar. En roedores, unha revisión de 2012 en que se empregaron 53 estudos en rata e 72 en rato concluíu que a aplicación da restrición calórica na dieta dá lugar a un aumento significativo da esperanza de vida (Swindell, 2012) e á mellora das capacidades cognitivas en relación a aprendizaxe espacial (Chowdhury et al., 2021).

O padecemento de obesidade asociouse ademais á redución da produción do factor neurotrófico derivado do cerebro (BDNF), un factor de crecemento extracelular que inflúe na actividade neuronal e supervivencia

celular (Ong et al., 2019), cun papel clave na plasticidade sináptica e na aprendizaxe. Este factor atópase tamén asociado ao funcionamento do hipocampo e ao procesamento memorístico, así como a múltiples parámetros do metabolismo enerxético. A redución desta proteína dá lugar á diminución da concentración de moléculas relacionadas coa función sináptica, o crecemento neuronal e a función cognitiva (Molteni et al., 2002). Os nenos cunha redución xenética (haplosuficiencia) da expresión deste factor puntúan menos nas probas de cognición e mostran máis comportamentos compatibles coa sintomatoloxía dos trastornos do espectro autista, con respecto aos nenos da mesma idade con dous xenes BDNF funcionais. En roedores sedentarios, obsérvase ademais unha redución do hipocampo, en parte por redución da neuroxénese, arborización dendrítica e densidade sináptica (Mattson, 2019). Estudos levados a cabo mediante o bloqueo do seu principal receptor (trkB) deron lugar a roedores con síntomas similares a desordes de déficit de atención (Zörner et al., 2003), causados en parte pola deficiencia de dopamina (Dougherty et al., 1999), implicada no sistema de recompensa. Datos que sinalan a relación desta rede neuronal co padecemento de obesidade (Liu et al., 2008; Martins-Silva et al., 2021). En humanos, estudos *postmortem* de pacientes esquizofrénicos detectaron niveis inferiores de BDNF e NT-3 (neurotrofina 3) en comparación cos controis (Durany et al., 2001), con resultados similares en mostras de soro (Toyooka et al., 2002).

Por tanto, os resultados de numerosos estudos son indicativos de que a dispoñibilidade ilimitada de alimento é un factor determinante no desenvolvemento cognitivo cerebral. Mais acceder a este alimento, é dicir, ó éxito á hora de conseguir comida, está ligado de forma importante ao éxito reprodutivo do individuo e á súa supervivencia. Por isto, todas as especies dedican unha parte importante do seu tempo e esforzo a conseguir alimento. A busca de alimento con leva un proceso de aprendizaxe e exploración e por tanto, un desenvolvemento cognitivo asociado. Un dos datos que reforza esta idea é o de que os cerebros dos animais domesticados están reducidos a respecto daqueles pertencentes

ás especies salvaxes, pois non se atopan na necesidade de dedicar esforzos cognitivos e físicos á procura de comida (Mattson, 2019). Os esforzos físicos por alcanzar o alimento atópanse pouco descritos na literatura. Atopamos estudos onde o exercicio físico se asocia positivamente a unha mellora das capacidades cognitivas do individuo (Kim et al., 2019; Roig-Coll et al., 2020), mais atópase desligado do seu significado biolóxico relacionado coa supervivencia (p.ex., conseguir alimento, escapar dos depredadores...).

A evidencia de que a inxestión excesiva de alimentos deteriora a plasticidade sináptica e a cognición en modelos animais, suxire un retorno aos patróns de alimentación intermitentes que poderían mellorar a neuroplasticidade e a cognición. Ademais, testar e levar a cabo experimentos en animais con sobrepeso pode levar a que os efectos beneficiosos dun medicamento se vexan enmascarados polo incremento do estrés oxidativo, a inflamación ou resistencia á insulina (Martin et al., 2010). Deste xeito, unha mellor comprensión das bases neuronais da toma de decisións ten, por tanto, un gran potencial de aplicación no ámbito neurolóxico e psicolóxico, con implicación na saúde pública (Vaidya & Fellows, 2017).

## 2. XUSTIFICACIÓN DO ESTUDO

Este estudo enmárcase nun proxecto financiado polo Ministerio de Ciencia, Innovación e Universidades, que procura un dobre obxectivo. Por unha banda, caracterizar o efecto no comportamento da dispoñibilidade e accesibilidade da comida na toma de decisións, empregando tarefas de comportamento altamente controladas e modelos computacionais. Pola outra, describir o substrato cerebral destes efectos a nivel dos circuitos locais en amplas poboacións neuronais na VTA.

O procedemento xeral será o de manipular as condicións de alimentación dos animais nas súas gaiolas de aloxamento en accesibilidade e dispoñibilidade de comida. Os animais serán testados nunha tarefa perceptiva (lateralización do son) e unha baseada no valor. As



tarefas desenvolveranse en caixas condutuais preparadas co hardware e software necesarios para o seu desenvolvemento; caracterizadas polo seu baixo custo e flexibilidade á hora de engadir modificacións e melloras.

Agárdase detectar unha mellora na toma de decisións como efecto dunha accesibilidade e dispoñibilidade de alimento limitada, mesmo en decisións non relacionadas coa alimentación. Canto aos mecanismos neuronais, espérase que os cambios principais se produzan no sistema de recompensa, consecuencia da modificación das condicións de alimentación. Dita situación espérase que dea lugar a unha mellora no rendemento condutual dos suxeitos

### 3. OBXECTIVOS

Integrado no proxecto previamente sinalado, este estudo procura dous obxectivos:

- Diseñar e construír unha caixa de conduta para roedores que se destinará a análise de tarefas baseadas no valor, dependentes da aprendizaxe das relacións entre o comportamento e as súas consecuencias.
- Verificar o correcto funcionamento da caixa de conduta mediante un estudo piloto con catro ratas.

### 4. METODOLOXÍA

#### 4.1 ELABORACIÓN DAS CAIXAS DE CONDUTA


A estrutura da caixa de conduta foi deseñada no laboratorio e construída por unha empresa externa (Técnicas Láser) seguindo os planos proporcionados (**anexo I**). Consta dunha base hexagonal, seis paredes laterais rectangulares e unha porta superior (**figura 3**). O material empregado para a súa construción é metacrilato de 4 mm resistente á degradación producida polos roedores. A función da caixa de conduta é presentar unha tarefa baseada no valor, deseñada como unha actividade de resposta múltiple na cal se emprega auga como recompensa.





**Figura 3.** Estrutura da caixa de conduta deseñada.

Os suxeitos colócanse na caixa de conduta con sete *nose poke v1.1* (figura 4), un central (para comezar o ensaio e recoller a recompensa) e seis de resposta, distribuídos arredor da caixa e colocados sobre unha peza de resina impresa con tecnoloxía SLA (estereolitografía). Cada resposta proporciona un tamaño diferente de recompensa, por asociación aleatoria. A cantidade de recompensa en cada opción é calculada da seguinte forma:  $x \cdot y$ . Onde  $x$  é un número aleatorio, igual para as seis alternativas, que varía en cada bloque de ensaios e  $y$  é unha proporción (0, 0.2, 0.4, 0.6, 0.8, 1) que se asigna a cada opción de forma aleatoria ao inicio de cada bloque. Polo que, se  $x$  é 25 e á alternativa 1 lle foi asignada a proporción 0.6, entón a recompensa proporcionada por esta alternativa será  $25 \cdot 0.6 = 15$ , correspondente aos ms que se manterá aberta a válvula para administrar a recompensa.




**Figura 4.** Detector óptico nose poke v1.1 colocado sobre unha peza de resina adherida á caixa de conduta.

O suxeito debe seleccionar aquela alternativa que lle procure maior cantidade de recompensa, cun límite de tempo determinado como tempo

de resposta, levando a cabo un proceso de exploración e aprendizaxe sobre o entorno que o rodea (relación resposta-recompensa). A exploración deriva nun proceso de toma de decisións que ten en conta as recompensas das alternativas propostas. A actuación de cada suxeito é avaliada mediante o cálculo da cantidade de recompensa obtida en bloques de ensaios consecutivos. Unha vez o suxeito alcanza a fase asintótica da curva de aprendizaxe o experimento reiníciase e renóvanse as asociacións resposta-recompensa. Esta tarefa permite caracterizar o ritmo de aprendizaxe e o rendemento máximo acadado en cada ciclo e facelo en varios ciclos por sesión condutual.


O *nose poke v1.1* é un detector óptico conectado a través de cables *stereo jack* a unha placa *Raspberry Pi 4*. A conexión realízase mediante un adaptador membrana *T-Cobbler Plus GPIO B* (figura 5) que permite colocar a cabeceira de 40 pins da placa *Raspberry Pi 4* nunha placa de prototipado PCB MB-102 de 830 pins (figura 6).



**Figura 5.** Membrana *T-Cobbler GPIO B* (de cores) conectada a unha placa *Raspberry Pi 4* á dereita.

A placa *Raspberry Pi 4* é unha computadora de baixo custo e tamaño reducido, co sistema operativo *Linux*, creada en 2012 en Reino Unido pola *Raspberry Pi Foundation* (*Raspberry Pi*, n.d.). A placa envía un sinal de saída que se ve interrompido cando a rata se coloca no detector óptico. A sinal interrompida transmite un estado de valor 0 que activa o bucle correspondente do código informático, enviándose un sinal para a administración da cantidade de recompensa determinada segundo o detector activado. O código atópase en linguaxe *Python* e permite controlar

a tarefa condutual; é unha secuencia de bucles que asocia automaticamente e de forma aleatoria as respostas e recompensas, e controla a administración de auga de forma precisa e automatizada. O código empregado engádese no **anexo II**.



**Figura 6.** Cables stereo jack negros conectados a unha placa de prototipado PCBMB-102 de 830 pins.

A recompensa é administrada na zona central da caixa por un sistema de precisión de válvulas solenoides (LHDA0531115H) *The Lee Company* (**figura 7**). O inicio de cada ensaio vén marcado pola activación do detector óptico situado na zona central, cun límite de tempo determinado como tempo de espera. Inicialmente, a zona central so estaba destinada ao inicio do ensaio e cada recompensa sería dispensada en cada correspondente alternativa, o que supoña o uso de seis válvulas diferentes nunha mesma caixa. Isto, ademais de incrementar substancialmente o custo da caixa de conduta, introduciría diferenzas á hora da administración da recompensa, o que daría lugar a uns datos sesgados consecuencia das diferenzas técnicas de cada válvula. Por tanto, previa discusión, decidiuse empregar unha única válvula de disposición central, mantendo en todo momento a simetría do ambiente. A válvula de administración encóntrase conectada exteriormente a un recipiente graduado (xiringa de 50 mL) que permite coñecer a cantidade de recompensa administrada a cada un dos suxeitos no total de ensaios realizados.



**Figura 7.** Válvula solenoide fixada en placa, conectada ao sistema de control da Raspberry Pi 4.

Despois da instalación do sistema de recompensa, a válvula empregada calíbrase de forma manual mediante a aplicación de 100 pulsos de distinta duración. Recóllense dúas réplicas de volume (mL) de auga administrada por cada un dos tempos aplicados (ms) (**táboa I**). Os datos obtidos médiáanse e divídense co fin de obter o valor medio administrado por pulso (**táboa II**). Cos datos obtidos elabórase unha recta de calibrado (**figura 8**) da que resulta a ecuación  $y = 0.2685x - 3.7671$  cun valor de  $R^2=0.98$ . A cantidade de recompensa que se proporciona ao suxeito determínase no código informático en valor de milisegundos (ms).

**Táboa I:**


*Datos do volume administrado de auga (mL) por tempo (ms) en 100 pulsos.*

ms	15	20	25	30	35	40	45	50	60	70	80
mL	0.13	0.22	0.24	0.41	0.51	0.66	0.71	0.93	1.19	1.50	1.85
	0.13	0.21	0.24	0.41	0.50	0.65	0.74	0.94	1.25	1.58	1.85

**Táboa II:**


*Datos do volume administrado de auga ( $\mu$ L) por tempo (ms) nun pulso.*

ms	15	20	25	30	35	40	45	50	60	70	80
$\mu$ L	1.30	2.15	2.9	4.1	5.05	6.55	7.25	9.35	12.2	15.4	18.5



**Figura 8.** Recta de calibrado da válvula solenoide.

O sistema de administración da recompensa fíxase á caixa de conduta (figura 9), o que permite o seu transporte á zona de realización de probas.



**Figura 9.** Á esquerda, visión lateral da caixa de conduta fina, l co hardware necesario implementado; á dereita, visión superior.



## 4.2 ESTUDO PILOTO

O estudo piloto lévase a cabo con roedores, que comparten similitudes fundamentais no que respecta á organización cerebral cos primates e outros mamíferos (Krubitzer, 2007). A parte experimental desenvólvese nas instalacións do animalario pertencente ao Instituto de Investigación Biomédica de A Coruña (INIBIC). Empréganse ratas da cepa W (Wistar) non consanguínea, unha variedade desenvolta no Instituto Wistar en 1906 para o seu uso en investigación biolóxica e médica. Son ratas albinas pertencentes á especie *Rattus norvegicus*, caracterízanse pola súa cabeza ancha, orellas longas e por teren unha lonxitude de cola sempre inferior a do seu corpo (Laboratorio de Ensayos Biológicos [LEBI], n.d.).

### 4.2.1 EXPOSICIÓN Á CAIXA DE CONDUTA

As primeiras sesións condutuais realízanse os días 13 e 14 de maio con dúas ratas macho nadas o 10/01/2021. O día 13 de maio lévanse a cabo catro probas co primeiro suxeito, con distintas modificacións derivadas dos problemas encontrados ao longo dos ensaios, mentres que o segundo suxeito leva a cabo só dúas probas. Porén, en ambos casos, este primeiro día forma parte do período de adaptación ao novo ambiente de traballo dos roedores.

O día 14 de maio, unha vez mellorado e axustado o funcionamento da caixa de conduta, cada un dos roedores realiza unha única proba dunha hora e media de duración. O primeiro suxeito realiza a tarefa desde as 10:37h ata as 12:11h, mentres que o segundo suxeito realiza a tarefa desde as 12:15h ata as 13:45h. Ámbolos dous días a tarefa realízase por separado e sen presenza doutros animais ou dos propios investigadores na sala, que pode levar á disrupción da atención e sesgos na tarefa. Antes do inicio das sesións experimentais os suxeitos son privados de auga durante as 24 horas previas, para estimular a súa participación na tarefa.

### 4.2.2 AVALIACIÓN SISTEMÁTICA DA TAREFA CONDUTUAL

O segundo bloque de sesións condutuais realízase durante o mes de xuño e estrutúrase en dúas semanas, desde o 1 ao 15 de xuño; isto é, un

total de once sesións. O día 1 de xuño a tarefa é levada a cabo por dous suxeitos macho, con data de nacemento 20/12/2020. A partir desta data dispónse de outros dous suxeitos macho, con data de nacemento 10/01/2021.

A duración das sesións establécese aproximadamente nunha hora por suxeito, desde ás 10:00h ás 15:00h, segundo os horarios dispoñibles no centro de investigación. Do mesmo xeito que no primeiro bloque de sesións, as ratas permanecen en privación de auga desde as 24 horas previas ao inicio do período de experimentación. Os horarios seguidos recóllense no **anexo III**.

## 5. RESULTADOS

### 5.1 EXPOSICIÓN Á CAIXA DE CONDUTA

A proba do día 13 de maio permitiu aos suxeitos familiarizarse co entorno experimental, o que deu lugar, ademais, á observación de problemas e ao alcance de melloras na forma de aplicar a tarefa. O día 14 de maio a proba foi máis regular logo de coñecer e solucionar os problemas de presentación da tarefa. Unha vez revisados os datos obtidos de ambas sesións condutuais detéctanse novos erros no desenvolvemento da tarefa debidos ao mal funcionamento do código informático que controla a actividade.

#### 5.1.1 PROBLEMAS E RESOLUCIÓN DOS MESMOS

Nestes dous días de probas encóntranse os seguintes erros:

- Activación continua do detector número 1 por fallos na súa instalación na caixa de conduta.
- Abortos continuos dos ensaios polo tempo de resposta máximo asignado á tarefa. Non permite que o suxeito aprenda o funcionamento da tarefa condutual.
- Erros no rexistro dos datos: cálculo erróneo das medias dos datos correspondentes á cantidade de recompensa administrada e erros nas pautas de cambio de bloque de ensaios.

Unha vez identificados estes erros procédese á súa resolución:

- Cambio do detector número 1 e fixación á caixa de conduta.
- Ampliación do tempo de resposta desde 5 segundos (proposta inicial) a 600 segundos.
- Modificación do código informático e rectificación das liñas de cálculo de medias e rexistro de bloques.

Para evitar que os suxeitos perdan atención na tarefa con estímulos externos, decidiuse que nas seguintes sesións se cubriría a caixa de forma que illase aos suxeitos tanto da luz, como de perturbacións exteriores á caixa de conduta.

## 5.2 AVALIACIÓN SISTEMÁTICA DA TAREFA CONDUCTUAL

### 5.2.1 PROBLEMAS E RESOLUCIÓN DOS MESMOS

No segundo bloque de sesións condutuais atópanse os seguintes erros:

- Erros na calibración da válvula de precisión, encargada da administración da recompensa.
- Recollida de datos incompletos, os ensaios abortados non se rexistran.
- Erros no código de ser a primeira resposta un aborto.
- Os suxeitos obteñen unha cantidade de recompensa elevada en cada sesión.

Unha vez recoñecidas as deficiencias da tarefa modifícase para mellorar a calidade dos datos:

- Realízase unha nova calibración da válvula.
- Modifícase o código informático para rexistrar os ensaios abortados polos suxeitos e corríxese o funcionamento do programa en caso de aborto inicial.
- Establécese unha nova cantidade de auga asignada como recompensa, diminuíndo as cantidades máximas administradas por ensaio de (25  $\mu$ L, 50  $\mu$ L) a (20  $\mu$ L, 40  $\mu$ L).

Ademais, detéctase a necesidade de recoller nas táboas de datos elaboradas, novas variables, polo que se modifica o código informático para que recupere as variables: cantidade de  $\mu$ L administrados como

Construción, deseño e validación dunha caixa de conduta para roedores




recompensa en cada un dos ensaios, tempo que tarda cada suxeito en recoller a recompensa (tempo de recompensa), asociacións entre alternativas e proporcións, así como a identificación de cada suxeito. Decídese ademais, establecer unha pausa de 30 segundos entre cada un dos bloques de ensaios, para indicarlle a transición aos animais.

Unha vez que os suxeitos aprenden a estrutura temporal da tarefa, os tempos máximos de espera, resposta e recompensa modifícanse. Pasándose de ter un límite de 600 segundos a un de 20 segundos.


### 5.3 RESUMO DE RESULTADOS

Deste estudo obtéñense un total de 7686 ensaios. Prescíndese de empregar os ensaios realizados o primeiro día do estudo, pois so se dispuxo de dous suxeitos.

Inicialmente, elabóranse uns primeiros análises globais en referencia ao traballo de cada un dos suxeitos. Na **figura 10** pódese observar o número de ensaios realizados por cada un deles. Existe unha clara diferenza entre os dous primeiros suxeitos, que superaron amplamente os 2000 ensaios no total das dez sesións levadas a cabo, e os dous segundos, que realizaron arredor de 1000 ensaios. O número de ensaios entre o primeiro par de suxeitos e o segundo difire principalmente nas primeiras sesións, como se pode ver na **figura 11**.



**Figura 10.** Número de ensaios realizados por cada un dos suxeitos no total de sesións.




**Figura 11.** *Cantidade de ensaios realizada por cada un dos suxeitos por sesión de traballo.*

Mentres os dous primeiros suxeitos superan os 200 ensaios desde as primeiras sesións, os segundos non chegan a esas cifras ata as últimas. Neste punto entra en xogo a variabilidade entre individuos que consideramos é o que afecta ao número de ensaios desenvolto por cada un dos suxeitos.


Posteriormente, analízase de forma xeral a actividade dos suxeitos na tarefa e avalíase a preferencia por cada unha das alternativas, así como a proporción de abortos cometidos no total de ensaios (**figura 12**). Na representación gráfica obsérvase que por parte de tres dos catro suxeitos a alternativa principal de escolla é a sinalada como alternativa 4, sendo a alternativa 6 a menos escollida a excepción do último suxeito. En cor azul escura sinálanse os abortos cometidos, sendo nos suxeitos tres e catro inapreciables ou inexistentes. Isto débese á diferenza de tempo de resposta esixido a cada un dos suxeitos, xa que o un e dous tiveron que actuar nun rango de 20 segundos para evitar que o ensaio fose codificado como un aborto, mentres que os dous suxeitos restantes tiveron 600 segundos para realizar a mesma actividade. Esta diferenza no tempo de resposta esixido débese á variabilidade na velocidade que demostraron os suxeitos na realización da tarefa. O tempo de resposta foi modificado durante as

sucesivas sesión de experimentación, segundo o rendemento de cada animal.



**Figura 12.** Número de ensaios nos que cada un dos suxeitos elixiu determinada alternativa.


En canto ao tempo de resposta (RT), que rexistra canto tempo toma o suxeito desde que comeza o ensaio ata que escolle unha resposta determinada, obtemos a **figura 13**.



**Figura 13.** Tempo de resposta de cada suxeito por ensaio realizado.


Neste gráfico pódese observar que a maior parte dos tempos de resposta están por debaixo dos 50 segundos, nos catro suxeitos. Durante os primeiros ensaios encóntranse tempos de maior amplitude acadándose nalgúns casos máis de 200 segundos de demora, e puntualmente acadándose os 400 e 500 segundos. Debemos destacar que nos ensaios iniciais os tempos máis amplos correspóndense aos suxeitos tres e catro sinalados en verde e amarelo, respectivamente.

Para valorar a aprendizaxe dos suxeitos realizáronse catro gráficas correspondentes a cada un dos catro suxeitos, onde se recolle unha curva de aprendizaxe por bloque de ensaios realizado (**figura 14**). Enfróntanse nestas, os ms que permanece aberta a válvula para administrar a recompensa (RW\_ms) e o número de ensaio por bloque.



**Figura 14.** Curvas de aprendizaxe correspondentes a cada bloque de ensaios realizado. **A;** primeiro suxeito. **B;** segundo suxeito. **C;** terceiro suxeito. **D;** cuarto suxeito.

Para profundizar no análise da aprendizaxe levado a cabo polos suxeitos, elaboramos unha comparación entre as medias da recompensa recibida nos doce primeiros ensaios de cada bloque, coa dos últimos doce ensaios deses mesmos bloques. Non se teñen en conta aqueles cun número menor a 24 ensaios, ou os abortos, nos que non se chega a administrar recompensa. Para os cálculos emprégase así mesmo, a variable RW\_ms. Dos anteriores cálculos obtense a **figura 15**.



**Figura 15.** Representación gráfica das medias correspondentes aos doce primeiros ensaios fronte ás medias dos doce últimos ensaios de cada bloque, coas súas correspondentes desviacións estándar.

O diagrama de barras permite detectar de forma visual un aumento na media da recompensa administrada nos últimos ensaios en comparación cos primeiros, en todos os suxeitos. Tendo en conta os datos descritos na **figura 15** estudamos se as diferenzas que se observan entre as medias son significativas. Elaboramos un test de permutacións e logo de 20000 permutacións obtemos os valores de  $p$  resumidos na quinta columna da **táboa III**.

**Táboa III**

Resumo dos valores das variables calculadas para cada un dos suxeitos.

Variables	Primeiros ensaios		Últimos ensaios	
	M( $\sigma$ )	M( $\sigma$ )	M <sub>últ</sub> -M <sub>prim</sub>	p-valor
Suxeito 1	61.62 (17.28)	71.10 (26.37)	9.48	<b>0.039</b>
Suxeito 2	61.40 (21.51)	82.85 (32.13)	21.45	<b>&lt;0.0001</b>
Suxeito 3	58.24 (13.63)	64.69 (17.45)	6.44	<b>0.167</b>
Suxeito 4	55.73 (14.38)	64.09 (18.72)	8.36	<b>0.151</b>

Nota: M (media),  $\sigma$  (desviación típica), M<sub>últ</sub> (media dos últimos ensaios), M<sub>prim</sub> (media dos primeiros ensaios).

Asumindo un nivel de seguridade do 95 %, tomamos un nivel de significación estatística de 0.05. Observando os valores  $p$  obtidos, nos dous primeiros suxeitos detéctanse diferencias significativas entre ambas medias, mentres que nos restantes suxeitos (tres e catro) non se acadou significación.

## 6. DISCUSIÓN

A caixa de conduta deseñada cumpre adecuadamente a función de presentación da tarefa condutual baseada no valor. A disposición dunha única válvula central non modifica a funcionalidade da tarefa e permite un maior control sobre as cantidades de recompensa administradas así como unha maior axilidade á hora de realizar o calibrado. Así mesmo, a esollha dos materiais é adecuada para a elaboración das caixas de conduta empregadas. Os materiais teñen unha resistencia apropiada para o traballo a longo prazo con estes roedores. En canto ao tamaño escollido, observamos que permite o libre movemento do animal durante a realización da tarefa, pero ao mesmo tempo, non é un espazo no que os animais se sintan intimidados pola amplitude.

O estudo piloto desenvolvido como segunda parte deste proxecto cumpre as expectativas esperadas. Permítenos recoñecer os erros e problemas de deseño da caixa de conduta empregada e tamén os problemas que se producen á hora de levar a cabo a presentación da tarefa. Ditos problemas

son descritos nos apartados 5.1.1 e 5.2.1 desta memoria, onde tamén se indican as solucións acordadas para cada un deles. O estudo piloto permitiunos coñecer os cambios precisos para o correcto funcionamento da tarefa condutual e as modificacións necesarias na caixa de conduta. Tamén nos indica actuacións a ter en conta no desenvolvemento do proxecto, como establecer unha área illada de perturbacións externas e manter un ambiente de escuridade, sinalanse como puntos importantes á hora de presentar a tarefa aos suxeitos de estudo.

Esta tarefa baseada no valor dependente da aprendizaxe das relacións entre o comportamento e as súas consecuencias aplicada aos suxeitos de estudo, busca atopar melloras nas taxas de aprendizaxe ao longo dos

bloques de ensaios realizados. Representamos para apoiar as nosas deducións as curvas de aprendizaxe desenvoltas por cada un dos suxeitos en cada bloque de ensaios condutuais (**figura 14**). Tendo en conta os valores obtidos do test de permutacións (**táboa III**) a probabilidade de que

os datos observados para os suxeitos un e dous foran debidos ao fenómeno de aleatoriedade é en ambos casos inferior ao 5 %. No caso dos suxeitos tres e catro, nos que non se atopan diferenzas significativas entre as medias, a cantidade de datos obtidos a partir das sesións condutuais é considerablemente inferior en comparación cos dous primeiros suxeitos, polo que pode ser que comparando mostras maiores se obteña unha

diferenza estatisticamente significativa. O valor  $p$  non nos indica se a diferenza é grande ou pequena, simplemente nos indica unha probabilidade. Con mostras grandes obtéñense con facilidade diferenzas estatisticamente significativas que poden ser moi pequenas e triviais. Un resultado estatisticamente significativo non quere dicir que sexa relevante.

Observando as gráficas expostas na **figura 14** non encontramos o patrón de aprendizaxe esperado cun crecemento exponencial inicial debido á aprendizaxe do funcionamento da tarefa e unha fase de meseta final onde a

aprendizaxe se ralentiza. Polo que a pesar de encontrar diferenzas significativas nas medias non detectamos que as taxas de aprendizaxe sexan relevantes e consideramos por tanto que os suxeitos seguen un

patrón errante ao realizar a tarefa. A hipótese principal para que as taxas de aprendizaxe non presenten unha mellora substancial é que os animais non son capaces de detectar as diferenzas entre as distintas recompensas ofrecidas. Acompaña á hipótese principal, a idea de que o algoritmo de aprendizaxe creado para sinalar o cambio de bloque de ensaios sexa moi simple e non detecte de forma efectiva unha aprendizaxe real. Isto provocaría cambios de bloque antes de que o animal aprenda as relacións resposta-recompensa, clave da tarefa. Existe ademais a posibilidade de que a pesar de se elaborar unha tarefa de aprendizaxe sinxelo, os suxeitos precisen un maior tempo de adaptación para levala a cabo de forma adecuada.

## 7. CONCLUSIÓNS

O deseño da caixa de conduta suxerido é adecuado para a exposición dos animais á tarefa condutual. Os materiais de construción así como o hardware escollido permiten obter un produto económico para o obxectivo a acadar.

O estudo piloto levado a cabo permite comprobar o correcto funcionamento da caixa de conduta no que respecta á adecuada presentación da tarefa condutual. Permite ademais, avaliar a actuación dos suxeitos de estudo co fin de recoñecer problemas derivados tanto da presentación da tarefa como da actividade animal durante o ensaio. A partir deste estudo observamos que as curvas de aprendizaxe obtidas non son as esperadas e que é posible que os animais sigan un patrón de actividade errante. Alén disto, a análise de datos indícanos un aumento na recompensa obtida por bloque de ensaios, con valores estatisticamente significativos para os dous primeiros suxeitos.



## 8. AGRADECEMENTOS

Este traballo é froito do meu esforzo, pero non sería nada sen todas aquelas persoas que me acompañaron ao longo destes meses.

Agradecerlle ao meu titor José Luis Pardo Vázquez toda a dedicación á miña ensinanza, o tempo que pasou intentando facerme entender cousas e a infinita paciencia cando non o lograba. Doulle as grazas por facer do meu tempo no laboratorio un pracer, pero sobre todo por ensinarme o que é ser parte dun equipo e que a ciencia é por enriba de todo paixón por coñecer.

A Jennifer Paz Canosa, que me axudou, aguantou e aconsellou. Espero que a vida lle compense o ben que me acolleu ao seu lado.

Á miña familia, polo seu esforzo e apoio incondicional, por facer de min o que son hoxe. Aos meus amigos por ensinarme que o mellor da vida é telos ao meu carón; e a Javier, porque o importante non é o destino senón con quen compartes a viaxe.

## 9. BIBLIOGRAFÍA

- Alonso-Alonso, M., Woods, S. C., Pelchat, M., Grigson, P. S., Stice, E., Farooqi, S., Khoo, C. S., Mattes, R. D., e Beauchamp, G. K. (2015). Food reward system: current perspectives and future research needs. *Nutrition Reviews*, 73(5), 296–307. <https://doi.org/10.1093/nutrit/nuv002>
- Broche-Pérez, Y., Herrera Jiménez, L. F., e Omar-Martínez, E. (2015). Bases neuronales de la toma de decisiones. *Neurología*, 31(5), 319–325. <https://doi.org/10.1016/j.nrl.2015.03.001>
